



CONCELLOS

BECERREÁ

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por decreto da Alcaldía, de data 10/11/2021, prestouse aprobación inicial aos padróns correspondentes ao 3º Trimestre 2021 das:

- Taxa polo subministro de auga.
- Taxa pola recollida de lixo.
- Taxa pola prestación do servizo de rede de sumidoiros e depuración.
- Canon da auga (Xunta de Galicia).

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago das taxas, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigo 87.2 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado polo Real Decreto 1.684/1990, de 20 de decembro, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, dende o 11/11/2021 ata o 10/01/2022. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectua-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, o obrigado ó pagamento deberá persoarse nas oficinas municipais, para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de apremio; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir as oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A falta de pago do canon da auga da Xunta de Galicia, no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 17 de novembro de 2021.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 3290

FOZ

Anuncio

Mediante Resolución de Alcaldía de data 5 de novembro de 2021, aprobouse a Oferta de Emprego Público correspondente ao exercicio 2021, e ordenou a súa publicación no Boletín Oficial la Provincia de Lugo.

OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2021

PERSOAL FUNCIONARIO

DENOMINACION	TURNO XERAL	RESERVA DISCAPACIDADE	TOTAL PRAZAS	CLASIFICACIÓN	GRUPO	SISTEMA SELECTIVO
POLICÍA LOCAL	1	0	1	ESC. ADM. ESP. SUB. SERV. ESP.	C1	OPOSICIÓN LIBRE

PERSOAL LABORAL

DENOMINACION	TURNO XERAL	RESERVA DISCAPACIDADE	TOTAL	GRUPO LABORAL	SISTEMA SELECTIVO
AUXILIAR SERVICIOS MÚLTIPLES	1	0	1	V	OPOSICIÓN LIBRE
OPERARIO OBRAS-OFICIAL 1ª	1	0	1	V	OPOSICIÓN LIBRE
OPERARIO OBRAS-OFICIAL 1ª	1	0	1	V	OPOSICIÓN LIBRE

O que se fai público para xeral coñecemento, de acordo co disposto no art. 70.2 do Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado/a Público.

Foz, 11 de novembro de 2021.-O Alcalde, Francisco Cajoto Caserío.

R. 3291

LUGO

Anuncio

DECRETO

Ilma. Sra. D^a. Tareixa A. Ferreiro Tallón, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua.

Instruído o expediente relativo a: **Bases e convocatoria extraordinaria do proceso de matriculación para clases de grupos na Escola Municipal de Música do Excmo. Concello de Lugo para o curso 2021/22.**

Vista a proposta do Xefe de Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, obrante no expediente, na parte expositiva do cal se fai constalo seguinte:

"INFORME DO SERVIZO DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA

Vista a proposta da Secretaria e do Xefe de Estudos da Escola Municipal de Música, de data 11 de novembro de 2021, relativa ás bases e convocatoria extraordinaria do proceso de matrícula para clases de grupos na Escola Municipal de Música do Excmo. Concello de Lugo para o curso 2021-2022, que se recollen de seguido, compre eevalas á aprobación do órgano correspondente.

*Por dito motivo, en virtude das atribucións que lle confiren á Alcaldía e a Xunta de Goberno Local os artigos 124 e 127 respectivamente da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, atribucións delegadas segundo acordo da Xunta de Goberno Local núm. 28/452, de 17/07/2019 e Decreto núm. 19005684 de 01/07/2019 na súas actuais redaccións, **PROPÓNSE** para a súa aprobación pola tenente de alcaldesa titular da Área, mediante a correspondente resolución:*

PRIMEIRO.- Aprobar as bases e convocatoria extraordinaria do proceso de matrícula para clases de grupos na Escola Municipal de Música do Excmo. Concello de Lugo para o curso 2021-2022 que seguidamente se transcriben:

"Asunto: Bases que rexerán o proceso de matriculación para clases de grupos en convocatoria extraordinaria na Escola Municipal de Música do Excmo. Concello de Lugo para o curso 2021/22"

Dende a Escola Municipal de Música do Excmo. Concello de Lugo propóñense as seguintes bases de matrícula para o curso 2021-2022.

1. Obxecto da convocatoria:

As presentes bases teñen como obxecto regular o procedemento de admisión de alumnado na Escola Municipal de Música do Excmo. Concello de Lugo en convocatoria extraordinaria para o curso 2021/22 e están adaptadas á situación sanitaria vixente e ás medidas adoitadas polas administracións competentes.

2. Número de prazas ofertadas:

Ofértanse o seguinte número de prazas e carga lectiva semanal de cada unha das materias e especialidades instrumentais que a continuación se indican:

- Grupo de clarinetes (15 prazas)

- Grupos de saxofóns:

1 Grupo de nivel medio (15 prazas)

1 Grupo de nivel avanzado (15 prazas)

- Grupo de Técnica Básica de Metais Graves (24 prazas)

4 Grupos (máximo 6 alumnos por grupo)

- Grupo tradicional (15 prazas)

As clases dos grupos instrumentais anteriormente sinalados terán unha duración de 45 minutos semanais.

3. Criterios de adxudicación de prazas:

Establécense por orde os seguintes criterios de adxudicación de prazas:

1 - Alumnado da Escola Municipal de Música matriculado durante o presente curso na mesma especialidade instrumental para a que se solicita.

2 - Alumnas/os que estiveran matriculados en cursos anteriores na Escola Municipal de Música e que non excederan os 6 anos de permanencia no centro.

3 - Alumnado da Escola Municipal de Música que xa excedera os 6 anos de permanencia no centro.

Para a elección de grupo procederase a aplicar o sorteo por letra o cal determinará o orden do apelido a partir do que se adxudicarán as prazas.

4. Forma e prazo de presentación de solicitudes:

As solicitudes das persoas interesadas presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Lugo ou en calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no seguintes prazos:

As solicitudes de matrícula deberán presentarse no prazo de 10 días naturais contados a partir do día seguinte a publicación no BOP de Lugo.

As persoas interesadas deberán presentar:

a) Solicitude en modelo específico debidamente cumprimentado. No caso de alumnado menor de idade, a solicitude deberá ir asinada pola nai, pai, ou persoas que ostenten a súa representación legal.

b) Fotocopia do DNI da persoa interesada maior de idade, ou da nai, pai, ou persoas que ostenten a súa representación legal no caso de menores de idade.

c) Certificación bancaria da conta onde se desexe domiciliar o pagamento dos recibos pola utilización do servizo municipal da Escola Municipal de Música onde apareza titular e número de conta.

c) Declaración responsable asinada pola persoa interesada ou polo pai/nai/titor no caso de menores de idade, de que realizará a Enquisa de Autoevaluación Clínica do Covid e que se compromete a non asistir ao centro no caso de que teña síntomas compatibles coa Covid-19 ou se manteña en illamento preventivo domiciliario.

5. Resolución:

Valoradas as solicitudes recibidas segundo os criterios establecidos no apartado 4, procederase á publicación das listaxes provisionais de alumnado admitido, excluído e de agarda, establecéndose un prazo de 5 días

naturais no que as persoas interesadas poderán realizar as alegacións que consideren oportunas. Resoltas as reclamacións, de ser o caso, procederase á publicación definitiva de listas, determinándose nas mesmas o día e hora na que se impartirán as clases de cada especialidade.

No caso de producirse renuncias de prazas ou baixas, as vacantes ocuparanse coas persoas solicitantes que figuran na lista de agarda de cada especialidade instrumental elixidos por rigorosa orde.

Poderase presentar solicitude fóra do prazo establecido e teranse en conta sempre que existan prazas vacantes e con informe favorable do profesor da materia.

Un alumno causará baixa de forma automática cando teña 5 faltas de asistencia sen previa xustificación.

6. Pagamento de taxas.

O alumnado deberá aboar as taxas establecidas na Ordenanza fiscal municipal número 405 reguladora do prezo público pola prestación dos servizos da Escola Municipal de Música, con aplicación das bonificacións e exencións establecidas a tal efecto.

7. Aplicación das bases:

Todas as persoas solicitantes de praza na Escola Municipal de Música quedarán suxeitas ás bases desta convocatoria.

Calquera criterio discrepante na interpretación destas bases resolverase a criterio dos órganos directivos da Escola, así como toda casuística non recollida nas mesmas.

A docencia na Escola Municipal de Música será realizada por persoal municipal adscrito á Banda de Música e/ou á Escola de Música do Concello de Lugo.

O calendario escolar da Escola Municipal de Música rexerese polo que anualmente establece a Xunta de Galicia para a Consellería de Educación.

8. Protocolo Covid.

Para estas bases de convocatoria será de aplicación o mesmo protocolo covid que actualmente se aplica na Escola Municipal de Música para o presente curso.

Deberá darse publicidade destas bases e da correspondente convocatoria, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello, coa información dos recursos que procedan e co traslado ás dependencias e ós servizos municipais afectados."

SEGUNDO.- *Dar publicidade da presente convocatoria, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello.*

TERCEIRO.- *Dar traslado deste acordo, o cal pon fin á vía administrativa, ás dependencias e servizos municipais afectados, coa indicación de que contra el caberá a interposición dos recursos correspondentes.*

É canto procede informar."

En uso das atribucións que lle confiren á Alcaldía e a Xunta de Goberno Local os artigos 124 e 127 respectivamente da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e concordantes do Regulamento orgánico municipal do goberno, administración do Concello (ROMGA), atribucións delegadas segundo acordo da Xunta de Goberno Local núm. 28/452, de 17/07/2019 e Decreto núm. 19005684 de 01/07/2019 na súas actuais redaccións.

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar as bases e convocatoria extraordinaria do proceso de matrícula para clases de grupos na Escola Municipal de Música do Excmo. Concello de Lugo para o curso 2021-2022 que seguidamente se transcriben:

"Asunto: Bases que rexerán o proceso de matriculación para clases de grupos en convocatoria extraordinaria na Escola Municipal de Música do Excmo. Concello de Lugo para o curso 2021/22

Dende a Escola Municipal de Música do Excmo. Concello de Lugo propóñense as seguintes bases de matrícula para o curso 2021-2022.

1. Obxecto da convocatoria:

As presentes bases teñen como obxecto regular o procedemento de admisión de alumnado na Escola Municipal de Música do Excmo. Concello de Lugo en convocatoria extraordinaria para o curso 2021/22 e están adaptadas á situación sanitaria vixente e ás medidas adoitadas polas administracións competentes.

2. Número de prazas ofertadas:

Ofértanse o seguinte número de prazas e carga lectiva semanal de cada unha das materias e especialidades instrumentais que a continuación se indican:

- Grupo de clarinetes (15 prazas)

- Grupos de saxofóns:
 - 1 Grupo de nivel medio (15 prazas)
 - 1 Grupo de nivel avanzado (15 prazas)
- Grupo de Técnica Básica de Metais Graves (24 prazas)
- 4 Grupos (máximo 6 alumnos por grupo)
- Grupo tradicional (15 prazas)

As clases dos grupos instrumentais anteriormente sinalados terán unha duración de 45 minutos semanais.

3. Criterios de adxudicación de prazas:

Establécense por orde os seguintes criterios de adxudicación de prazas:

- 1 - Alumnado da Escola Municipal de Música matriculado durante o presente curso na mesma especialidade instrumental para a que se solicita.
- 2 - Alumnas/os que estiveran matriculados en cursos anteriores na Escola Municipal de Música e que non excederan os 6 anos de permanencia no centro.
- 3 - Alumnado da Escola Municipal de Música que xa excedera os 6 anos de permanencia no centro.

Para a elección de grupo procederase a aplicar o sorteo por letra o cal determinará o orden do apelido a partir do que se adxudicarán as prazas.

4. Forma e prazo de presentación de solicitudes:

As solicitudes das persoas interesadas presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Lugo ou en calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no seguintes prazos:

As solicitudes de matrícula deberán presentarse no prazo de 10 días naturais contados a partir do día seguinte a publicación no BOP de Lugo.

As persoas interesadas deberán presentar:

- a) Solicitud en modelo específico debidamente cumprimentado. No caso de alumnado menor de idade, a solicitud deberá ir asinada pola nai, pai, ou persoas que ostenten a súa representación legal.
- b) Fotocopia do DNI da persoa interesada maior de idade, ou da nai, pai, ou persoas que ostenten a súa representación legal no caso de menores de idade.
- c) Certificación bancaria da conta onde se desexe domiciliar o pagamento dos recibos pola utilización do servizo municipal da Escola Municipal de Música onde apareza titular e número de conta.
- c) Declaración responsable asinada pola persoa interesada ou polo pai/nai/titor no caso de menores de idade, de que realizará a Enquisa de Autoevaluación Clínica do Covid e que se compromete a non asistir ao centro no caso de que teña síntomas compatibles coa Covid-19 ou se manteña en illamento preventivo domiciliario.

5. Resolución:

Valoradas as solicitudes recibidas segundo os criterios establecidos no apartado 4, procederase á publicación das listaxes provisionais de alumnado admitido, excluído e de agarda, establecéndose un prazo de 5 días naturais no que as persoas interesadas poderán realizar as alegacións que consideren oportunas. Resoltas as reclamacións, de ser o caso, procederase á publicación definitiva de listas, determinándose nas mesmas o día e hora na que se impartirán as clases de cada especialidade.

No caso de producirse renuncias de prazas ou baixas, as vacantes ocuparanse coas persoas solicitantes que figuran na lista de agarda de cada especialidade instrumentais elixidos por rigorosa orde.

Poderase presentar solicitud fóra do prazo establecido e teranse en conta sempre que existan prazas vacantes e con informe favorable do profesor da materia.

Un alumno causará baixa de forma automática cando teña 5 faltas de asistencia sen previa xustificación.

6. Pagamento de taxas.

O alumnado deberá aboar as taxas establecidas na Ordenanza fiscal municipal número 405 reguladora do prezo público pola prestación dos servizos da Escola Municipal de Música, con aplicación das bonificacións e exencións establecidas a tal efecto.

7. Aplicación das bases:

Todas as persoas solicitantes de praza na Escola Municipal de Música quedarán suxeitas ás bases desta convocatoria.

Calquera criterio discrepante na interpretación destas bases resolverase a criterio dos órganos directivos da Escola, así como toda casuística non recollida nas mesmas.

A docencia na Escola Municipal de Música será realizada por persoal municipal adscrito á Banda de Música e/ou á Escola de Música do Concello de Lugo.

O calendario escolar da Escola Municipal de Música rexerá polo que anualmente establece a Xunta de Galicia para a Consellería de Educación.

8. Protocolo Covid.

Para estas bases de convocatoria será de aplicación o mesmo protocolo covid que actualmente se aplica na Escola Municipal de Música para o presente curso.

Deberá darse publicidade destas bases e da correspondente convocatoria, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello, coa información dos recursos que procedan e co traslado ás dependencias e ós servizos municipais afectados."

SEGUNDO.- Dar publicidade da presente convocatoria, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello.

TERCEIRO.- Dar traslado deste acordo, o cal pon fin á vía administrativa, ás dependencias e servizos municipais afectados, coa indicación de que contra el caberá a interposición dos seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo, no prazo de DOUS MESES, contados dende o día seguinte ó da notificación do presente acto, ante o Xulgado de dita xurisdición de Lugo (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa), así como as demais accións legais que estime pertinentes.

- Malia o anterior, e con carácter previo, poderase interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ante a Alcaldía / Xunta de Goberno (resolvendo a Alcaldía ou a Xunta de Goberno Local, segundo a atribución delegada) e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto.

No caso de que se interpuxese o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do devandito recurso de reposición (artigo 123 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas).

Cúmprase.

Lugo, 15 de novembro de 2021.

R. 3292

Anuncio

A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 10 de novembro de 2021 adoptou o acordo 14/700 **RESOLUCIÓN CONCURSO PARA A PROVISIÓN DE VARIOS POSTOS DE TRABAJO NO EXCMO. CONCELLO DE LUGO PARA XEFES/AS DE NEGOCIADO DELINEANTES/AS**, o cal fora convocado polo Decreto 6342/2021 de data 21/07/2021 rexendose polas bases aprobadas polo acordo 9/400 adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada o día 24 de xuño de 2021, sendo a parte dispositiva do mencionado acordo do teor literal seguinte:

"PRIMERO.- Resolver o concurso convocado para a provisión de postos de XEFES/AS DE NEGOCIADO DELINEANTES, adxudicando definitivamente os postos da seguinte forma:

POSTO	CODIGO	ADXUDICATARIO/A	DNI
Xefe/a de negociado (Delineante/a)	3102/222	Carlos Bargeiras Vázquez	xxx3581xx
Xefe/a de negociado (Delineante/a)	3103/222	Manuel Angel Brea Santomé	xxx0847xx
Xefe/a de negociado (Delineante/a)	23/222	Deserto	-----

SEGUNDO.: Cesar aos adxudicatarios nos seus actuais postos de traballo.

O prazo de toma de posesión empezará a contarse a partir do día seguinte ao do cesamento, que deberá efectuarse dentro dos tres días hábiles seguintes á publicación da resolución do concurso no Boletín Oficial da Provincia.

TERCEIRO.- Contra a presenta resolución podense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta resolución.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

CUARTO.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia, e no Taboleiro de Anuncios do Concello.”

Lugo, 15 de novembro de 2021.- A Tenenta de Alcaldesa Delegada da Area de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, Mercedes Paula Alvarelos Fondo.

R. 3293

PEDRAFITA DO CEBREIRO

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE PEDRAFITA DO CEBREIRO PARA O EXERCIZO 2.022

O Pleno do Concello, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 11 de novembro de 2.021, aprobou inicialmente o orzamento xeral do concello de Pedrafita do Cebreiro para o exercicio 2.022, así como as bases de execución, o cadro de persoal e o resto dos documentos anexos.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e disposicións concordantes, expónse ao público na secretaria deste Concello polo prazo de quince días hábiles –o cal comezará a contar dende o seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia–, a fin de que durante o dito prazo se poidan formular as reclamacións que se consideren pertinentes, dirixidas estas ao alcalde desta corporación.

No caso de que transcorra o prazo citado sen que se presenten reclamacións, o orzamento quedará aprobado de xeito definitivo e se disporá a publicación do resumo por capítulos nos termos previstos polo artigo 169.3 do Real decreto legislativo 2/2004.

Pedrafita do Cebreiro, 12 de novembro de 2021.-O alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 3294

Anuncio

APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO MES DE OUTUBRO 2021

.Pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 04 de novembro de 2021 prestouse aprobación ao Padrón do Prezo Público pola prestación do servizo de axuda a domicilio correspondente ao mes de outubro de 2021, de acordo co seguinte:

- Padrón correspondente ao mes de outubro : 3.509,21€

Expóñense ao público por prazo de quince días hábiles, ao obxecto de que aqueles que se consideren interesados poidan examinalos e interpoñer contra este as reclamacións que consideren oportunas.

Iniciase asemade o procedemento de recadación, e ao efecto determínase que o período de pagamento en voluntaria é o comprendido entre o 01 de decembro de 2021 e o 01 de febreiro de 2022. Ao día seguinte do vencemento do prazo de ingreso en período voluntario iniciarase o procedemento executivo e o administrativo de constrinximento, e devengarán as recargas do período executivo así como os correspondentes xuros de mora en virtude dos artigos 26, 27 e 28 da Lei Xeral Tributaria. Contra as liquidacións que se deriven do presente padrón poderase interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso- administrativo, no prazo de un mes a contar desde a finalización do período de exposición ao público de conformidade co establecido no artigo 14.2.c) do real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais. Contra a desestimación expresa ou presunta do recurso de reposición poderán interpoñer recurso contencioso administrativo ante os órganos e na forma e prazos determinados na Lei reguladora deste Xurisdición.

Pedrafita do Cebreiro, 11 de novembro de 2021.-O Alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 3296

RIBEIRA DE PIQUÍN

Anuncio

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria celebrada o 17 de agosto de 2021, prestouse aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de xullo de 2021, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Ribeira de Piquín, 20 de agosto de 2021.- O alcalde, Roberto Fernández Rico.

R. 3297

Anuncio

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria celebrada o 13 de setembro de 2021, prestouse aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de agosto de 2021, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Ribeira de Piquín, 21 de setembro de 2021.- O alcalde, Roberto Fernández Rico.

R. 3298
